

RISCOS DERIVADOS DO USO

- Contacto coas ferramentas de corte.
- Golpes e/ou contusións polo retroceso imprevisto e violento da peza que se traballa.
- Proxección de ferramentas de corte e accesorios en movemento.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



USO OBLIGATORIO
DE CALZADO
DE SEGURIDAD



USO OBLIGATORIO
DE PROTECTORES
AUDITIVOS



USO OBLIGATORIO DE
GAFAS ANTISALPICADURA
EN EL MANEJO DE
PRODUCTOS QUÍMICOS



USO OBLIGATORIO
DE GUANTES

NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ Dispoña do manual de instrucións da máquina.
- ✗ Non anule ou burle os dispositivos de protección cos que conta a máquina.
- ✗ As tarefas de limpeza e mantemento da máquina realizaranse coa máquina apagada e desconectada da rede eléctrica.

CEPILLADORA

- ✗ Prohibido traballar sen os protectores regulables.
- ✗ Realizar sempre a alimentación das pezas en sentido contrario á do xiro da árbore.
- ✗ Para evitar que as mans entren en contacto coas coitelas recoméndase colocar a man esquerda sobre o extremo anterior da peza apertándoa contra a mesa, mantendo os dedos pechados; a man dereita situada no extremo posterior da peza empúrraa para diante.
- ✗ Cada peza hai que conducila, se as súas dimensións o permiten, de xeito que despois de colocala non haxa necesidade de variar a situación das mans.
- ✗ No cepillado de pezas longas, cando o extremo anterior da peza sobrepase uns 40 cm a árbore porta-coitelas, detense o avance, suxéitase a peza coa man dereita mentres que a esquerda volve novamente a dispoñerse detrás da árbore porta-coitelas, iniciándose a realimentación da peza.
- ✗ Utilizar empurradores na alimentación de pezas pequenas, así como instrumento de axuda para a “fin de pasada” de pezas grandes.
- ✗ Axustar convenientemente a mesa de traballo segundo as necesidades de cada corte.
- ✗ Asegurar en todo momento un correcto afiado e equilibrado das coitelas de corte montadas na árbore.
- ✗ Fixar e montar correctamente as coitelas na árbore.

NORMAS DE SEGURIDADE

REGROSADORA

- ✖ A árbore porta-coitelas estará completamente tapada.
- ✖ Prohibido introducir as mans por debaixo do rolo de entrada. En caso necesario, alimentarse o tramo final de cada peza coa peza seguinte e a última peza por medio de empurradores.
- ✖ Situarase lateralmente á zona de alimentación para evitar golpes por retroceso da peza.
- ✖ Prohibido limpar os restos de labras coas mans, utilizarase unha vasioiriña.
- ✖ Verificar o estado das pezas antes das pasadas

CIRCULAR

- ✖ Antes de iniciar os traballos debe comprobarse o perfecto estado do útil, a súa fixación, a profundidade do corte desexado e que o disco xire cara ao lado no que o operario efectúe a alimentación.
- ✖ Comprobar a ausencia de corpos pétreos ou metálicos, nós, vetas ou outros defectos na madeira.
- ✖ Prohibido traballar sen os protectores regulables.
- ✖ Elixir e montar correctamente o coitelo divisor.
- ✖ Nunca se empurrará a peza cos dedos polgares das mans estendidos.
- ✖ Utilizar empurradores na alimentación de pezas pequenas, así como instrumento de axuda (consola) para pezas longas.
- ✖ Desbotar o disco cando o seu diámetro orixinal se reducise 1/5.
- ✖ O disco utilizado será o que corresponda ao número de revolucións da máquina.

TRADE

- ✖ Uso obrigatorio do protector axustable.
- ✖ Nunca se deberán suxeitar as pezas que hai que mecanizar coa man. Utilizar prensos axeitados.
- ✖ Levar sempre roupa axustada durante o uso do trade para evitar posibles atrapamentos. Non usar luvas.
- ✖ Prohibido levar aneis, colgantes, pendentes, pelo longo, etc., durante o manexo do trade.